

Troita

Nº 39

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Xuño 2016



Recoñecementos para seguir facendo pobo

O verán comeza a asomar polo horizonte cargado de actividades deportivas e culturais para ocupar ese tempo de lecer, así como de programas de conciliación da vida laboral e familiar que enchen esta edición do "Troita". Porén, tres desas actividades destacan sobre as demais por seren recoñecementos ao labor e traballo diario de veciños e veciñas de Oroso que, coa seu esforzo, levan o nome de Oroso máis aló do noso municipio e axudan a facer pobo.

O primeiro destes actos en celebrarse será a **III Gala da Cultura**, que terá lugar o venres 3 de xuño, ás 20:30 horas, no centro cultural de Sigüeiro. O alcalde Manuel Mirás presidirá a entrega dos recoñecementos: á Traxectoria no eido da cultura, á Promesa 2015, á Asociación/Entidade que en 2015 potenciase a cultura

en Oroso e á Empresa que apoie a cultura. Durante a Gala coñeceremos a decisión do xurado, que elixiu entre as candidaturas presentadas por veciños e entidades orosáns para recoñecer o mérito de persoas, entidades, asociacións e empresas no seu apoio á cultura.

Tamén relacionada coa cultura, o campo da festa de Senra acollerá o Festival de Bandas, que se no 2015 homenaxeou á Lira de Senra, nesta ocasión fará o propio coa Banda de Música de San Mamede-Grabaxa. A cita é o sábado 18 de xuño, tras un pasacalles ás 11:30 h. que dará paso a unha misa polos músicos defuntos (12:00 h) e un concerto de bandas e de Mini e Mero (12:30 h). O acto de homenaxe terá lugar ás 13:00 h, antes do xantar de confraternidade. Pola tarde, Festival de Bandas coa

Filarmónica Varzeense (Góis) e as bandas de Música de Ordes e Arca. A partir das 19:00 h, verbena co dúo Alborada e Mini e Mero. A asistencia é de balde, se ben para o xantar hai que retirar o ticket-convite no Bar Zapateiro, Parrillada Cachopal, Bar Goros, Bar Carnota ou chamando ao 654 343 809 ou 630 077 062. Os prezos son: 25 € (adultos), 12 € (de 5 a 12 anos) e de balde (-5 anos).

E o venres 17 de xuño teremos actividades por partida dobre no Día do Deporte. A partir das 16:30 h, exhibicións das escolas deportivas municipais no polideportivo e, ás 20:00 h, entrega dos premios, un total de 21 trofeos, entre os que figuran: ao mellor deportista do ano, á traxectoria, á colaboración con eventos deportivos municipais e polo apoio ao deporte...



Descarga a APP no teu móbil dende www.concellooroso.com, envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible



OROSO
cea formación

**Curso Aula CeMIT
Sigüeiro - Oroso**

Manexo da folha de cálculo
con Excel

Horario 10:00 a 12:00, luns a xoves desde
o martes 20 de xuño ata o xoves 30 de xuño

Info: Aula CeMIT Sigüeiro - Oroso
Páxina web: <https://cemit.aula-esgibernetu31.com>
E-mail: aula-esgibernetu31@ceimit.com / aula-esgibernetu31@ceimit.com
Teléfono: 981 690 903

XUNTA DE GALIÇA **OROSO** **BT MIT**

Se o teu can
Fa ISTO
e ti NON
recolles

Logo, ti es
ISTO →

Teatro en familia
presenta:

**ISTO CHEIRA
MAL!!!**

22 XUÑO
19:00 H.
Centro
CULTURAL

CEIP do Camiño Inglés **OROSO** AITPA Carballo

**OBRADOIRO MUNICIPAL
DE TEATRO INFANTIL
PRESENTA:**

"A outra historia de carapuchiña"

**MÉRCORES 15 DE XUÑO
ÁS 20:30H
CENTRO CULTURAL**



Axudando a conciliar: o Summer Camp adáptase ás necesidades das familias

O Concello de Oroso e Escuela Con Talento convocan unha nova edición do Summer Camp, unha programa de conciliación familiar dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos que se divertirán con actividades mentres aprenden inglés. Para facilitar a participación e adaptarse ás necesidades das familias, poderanse contratar por quincenas, por días soltos, con diferentes horarios, con ou sen almorzo... Máis información e inscricións no Centro Cultural (981 690 903) ou en Con Talento (881 981 905).

SUMMER CAMP!
OROSO
Children 3 to 12 years

23-30 Xullo	10:00-12:00 + 15:00-18:00	Almorzo 3€ Aula 5€ Material 3€
1-15 Xullo	10:00-12:00 + 15:00-18:00	Almorzo 3€ Aula 5€ Material 3€
16-31 Xullo	10:00-12:00 + 15:00-18:00	Almorzo 3€ Aula 5€ Material 3€
1-15 Agosto	10:00-12:00 + 15:00-18:00	Almorzo 3€ Aula 5€ Material 3€
16-31 Agosto	10:00-12:00 + 15:00-18:00	Almorzo 3€ Aula 5€ Material 3€
1-9 Setembro	10:00-12:00 + 15:00-18:00	Almorzo 3€ Aula 5€ Material 3€

Precedente de todos os días de horario de concentración: Almorzo de 7:30 a 12:30

CEIP do Camiño Inglés **OROSO** **comTALENTO** Centro Cultural Parroquia Casa e Escola, Sigüeiro 981 690 903
Praza Carballo, 9 Sigüeiro 10000 Oroso 981 690 903 / 881 981 905



Renovación de matrículas no Bos Días Cole, Comedor Escola e Escola de Música

O Concello de Oroso abre o prazo de renovación das matrículas do programa de conciliación Bos Días Cole, no Comedor Escolar do Camiño Inglés e na Escola Municipal de Música. En todos os casos, o prazo máximo para a renovación da praza é o 15 de xuño, data no que se abrirá o prazo para novas matrículas ata cubrir prazas (salvo na Escola de Música, que as novas matrículas abranse no mes de agosto). Podes conseguir máis información no Centro Cultural de Sigüeiro (981 690 903) e descargar os impresos de matrícula na nosa páxina web: www.concellooroso.com.

COMEDOR ESCOLAR
CEIP DO CAMIÑO INGLÉS

**PRAZO DE RENOVACIÓN DE MATRÍCULAS
DO 1 AO 15 DE XUÑO
MATRÍCULAS NOVAS
DO 16 DE XUÑO EN ADIANTE ATA CUBRIR PRAZAS**

OROSO

CAMPAMENTO DE VERÁN CLUB PATÍN OROSO
Familia Xamito Amigo dos Financeros

DO 1 AO 29 DE XUÑO
8:30H - 14:30H

ACTIVIDADES:

- Xogos
- Obradoiros
- Hockey
- Interpretación
- Patinaxe
- Animación
- Cinckhanas
- molto máis
- Danza
- Piscina
- con merenda incluída

COLABORA: **OROSO** **CONTACTO:** **ORGANIZA:**

Maria: 659 89 88 99
Fran: 014 28 30 11
patinorosoj@gmail.com

**ED XUVENTUDE OROSO
FUNDACIÓN CELTA DE VIGO**

**CAMPUS DE FÚTBOL
OROSO 2016**

OROSO

www.concellooroso.es
Facebook - Centro Cultural Fundación Celta

OROSO **VIRAXES**

CURSOS NATACIÓN VERÁN 2016

REQUISITOS:
Ter tramitado o carné de aforo do da piscina.

DIRIXIDO A:
Nenos de 4 a 16 anos. (ou nados a partir do ano 2012)
Adultos (maiores de 16 anos).

LUGAR: Piscina Municipal de Oroso (Sigüeiro).

DURACIÓN DO CURSO: Desde o día 1 ao 29 de xullo.

PRAZO DE INSCRICIÓN: Ata o día 24 de xuño, nas oficinas do Polideportivo.

HORARIO NENOS: De luns a venres de 11:00 a 13:30 segundo grupos.

HORARIO ADULTOS: De luns a venres de 20:30 a 21:00

OS NENOS MENORES DE 7 ANOS: Irán acompañados por pai/mã ou titor.

Mais información: 981627981 - www.orosoe.es



OROSO

APERTURA PISCINA MUNICIPAL 2016
TRAMITACIÓN CARNÉS DE ABOADO

A PISCINA MUNICIPAL TEN PREVISTO ABRIR O DÍA 1 DE XUÑO, EN HORARIO DE 11:00 A 21:00 TODOS OS DÍAS

PREZOS CARNÉS PISCINA:

Nenos/as EMPADROADOS de 4 a 16 anos...: 17 Eur.
Maiores de 16 anos EMPADROADOS...: 25 Eur.
(Familia numerosa desconto 20%)

Nenos/as NON EMPADROADOS de 4 a 16 anos...: 24 Eur.
Maiores de 16 anos NON EMPADROADOS...: 32 Eur.

PREZOS ENTRADAS:

Nenos/as de 4 a 16 anos...: 1,50 Eur.
Maiores de 16 anos...: 2,00 Eur.

Requisitos para tramitar o carné:

- Xustificante do pago das taxas correspondentes.
- Foto tamaño carné (para altas novas).
- Xustificante carné familia numerosa, se é o caso.

Nota:
O impreso para realizar o pago obtense a través da páxina web do Concello. (Pinchar en Instalacións Deportivas)

"BOS DÍAS COLE"
CURSO 2016/2017

- NOS CE.I.P. DE SIGÜEIRO E CEIP DO CAMIÑO INGLÉS
- DE 07:30 ATA O COMEZO DA XORNADA LECTIVA
- DIREXIDO A RAPACES/AZAS DE 3 A 12 ANOS

PRAZO DE RENOVACIÓN DE MATRÍCULA:
DO 1 AO 15 DE XUÑO
E MATRÍCULAS NOVAS DO 16 DE XUÑO EN ADIANTE ATA CUBRIR PRAZAS

- SERVIZO DE GARDERÍA E ALMOZZO

MÁIS INFORMACIÓN NAS OFICINAS DO CENTRO CULTURAL FERNANDO CASAS E NOVOA NO 321 690 503 OU NA PÁXINA WEB: www.concelloorosos.com

ORGANIZA: **OROSO** COLABORA: **CONCELLO DE ENDADE**



Exposición dos Obradoiros Culturais, nos que participaron 106 veciños e veciñas

O centro cultural de Sigüeiro acolle ata o vindeiro 11 de xuño unha exposición cos mellores traballos elaborados polos 106 veciños e veciñas que participaron nos Obradoiros Culturais 2016. Una mostra que recolle pinturas, manualidades, patchwork, labores e, como novidade, cesteiría. Todos os participantes recibiron diplomas acreditativos durante a inauguración da mostra.



Os colexios de Sigüeiro e do Camiño Inglés disfrutan xa das novas beirarrúas



O Concello vén de construír unha senda peonil na marxe dereita da N-550, que serve de novo acceso ao CEIP Camiño Inglés ademais do camiño escolar seguro "Caracole", a través do Carboeiro. Esta senda únese ás renovadas beirarrúas de acceso ao CEIP de Sigüeiro, que psaron dun ancho de 1,5 metros aos actuais 3,5 metros. E durante o verán, o Concello mellorará a escola infantil municipal da Ulloa, onde fará unha área de descanso, con baños para os meniños, unha sala para profesores e un almacén.



CeMIT **OROSO** **TIC** **GALEA**

¿QUER VISITA A TUA WEB? A RESPONSA CON DOUBLE ANALYTICS

MARKETING DIGITAL PARA CAPTAR E FIDELIZAR OS NOSTROS CLIENTES

¿QUERES CREAR UNHA WEB? COMEZA CON WORDPRESS! NIVEL BÁSICO

OROSO *coa farmacia*

CeMIT **OROSO** **TIC** **GALEA**

¿QUERES CREAR UNHA WEB? COMEZA CON WORDPRESS! NIVEL BÁSICO

OROSO *coa farmacia*

CeMIT **OROSO** **TIC** **GALEA**

¿QUERES CREAR UNHA WEB? COMEZA CON WORDPRESS! NIVEL BÁSICO

OROSO *coa farmacia*



FOI NOTICIA...

Éxito do I Certame de Investigación do Camiño

Os investigadores Óscar Pelea (Universidade de Lancaster) e Paula Cadaveira (Universidade de Santiago) son os primeiros gañadores do Certame Internacional de Traballos de Investigación do Camiño Inglés, organizado polo Concello de Oroso. Uns premios nos que o alcalde Manuel Mirás anunciou que unha delegación orosá viaxará ao Reino Unido para establecer unha colaboración entre o Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés e a Universidade de Durham.



A Festa da Troita triunfa ata con mal tempo

O mal tempo foi o indeseable convidado da XX Festa da Troita que, pese a todo, seguiu amosando que é unha festa arraigada na contorna e con milleiros de fieis que non se arredan ante a choiva. O pregón correu a cargo do presidente da Deputación, Valentín González Formoso.



Un total de 187 ciclistas de toda Galicia participaron na III Ruta BTT da Troita, organizada polo Club Ciclista Tambre Bike en colaboración co Concello. Lelo Campos, Francisco Baña e Javier Freire foron os primeiros clasificados da proba.



Os infantís do Xuventude Oroso fixeron historia: campións do Grupo 1 da Liga Galega. É a primeira vez que un equipo lle gaña esta competición ao Deportivo da Coruña. Parabéns campións!!!



O II Torneo do Club Ximnasia Oroso foi todo un éxito, pois participaron máis de 300 ximnastas de Galicia e Asturias, de idades comprendidas entre os 4 e os 25 anos. O club orosán obtivo 8 medallas e, por primeira vez en Galicia, houbo representación masculina.

Axenda: Xuño

- 1** - Apertura dos prazos de renovación de matrícula en Bos Días Cole, Comedor Escolar do CEIP Camiño Inglés e Escola de Música.
- Charla "Prevención e hábitos de vida saudables na idade preescolar". Escola infantil A Ulloa, 17:00 horas. De balde.
- 3** - III Gala da Cultura. Centro cultural, 20:30 horas.
- 6** - Reunión do grupo de apoio á lactancia materna. Centro cultural, ás 18:00 h.
- 7** - Martes Saudables: "Dar máis vida á vida. É envellecer só unha cuestión de idade?". Local da terceira Idade, ás 17:00 h.
- 9** - Formación EducaOroso: Queres crear unha web? Comeza con wordpress.
- 10** - Festival de fin de curso da gardería "A Ulloa". Centro cultural, 18:00 horas
- 11** - Fin da exposición dos Obradoiros Culturais 2016. Centro cultural de Sigüeiro.
- 14** - Formación EducaOroso: Marketing dixital para captar e fidelizar os nosos clientes
- 15** - "A outra historia da Carapuchiña", obradoiro de teatro infantil. Centro cultural, 20:30 h. Entrada libre
- Fin dos prazos de renovación de matrícula en Bos Días Cole, Comedor Escolar do CEIP Camiño Inglés e Escola de Música.
- 16** - Apertura de novas matrículas en Bos Días Cole e Comedor Escolar do CEIP Camiño Inglés.
- 17** - Día do Deporte. Ás 16:30 h, exhibicións no polideportivo. Ás 20:00 h, entrega de premios no Lino Balado.
- 18** - Festival de Bandas. Homenaxe á banda de música de San Mamede-Grabanxa. Senra, dende as 11:30 horas.
- Teatro da Semente: "Viaxe a Dadá". Para bebés de 0 a 3 anos. Centro Cultural, ás 12:00 horas.
- 21** - Formación EducaOroso: Quen visita á túa web? A resposta con Google Analytics
- 22** - "Isto cheira mal", teatro en familia da ANPA Carboeiro. Centro cultural, ás 19:00 h.
- 28** - Obradoiros Observatorio Astronómico. Nenos 3 a 5 anos. Praza Isaac Díaz Pardo, 11.30
- 29** - Observatorio Astronómico. Nenos 6 a 9 anos. Ás 11.30 h.
- Combos da Escola de Música*
- 30** - Concerto de fin de curso da Escola de Música, centro cultural, 19:00 h. Grupos de cámara e coro infantil.

* hora e lugar por decidir